# VACACIÓNATE!!!

## Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión



# *Actuacións de Turismo IMSERSO-Plena inclusión*

## Oferta de destinos 2024

| Destino | Data | Cota | Aloxamento | Prazas* |
|---|---|---|---|---|
| **Puerto de la Cruz - Tenerife** | 11- 16 abril | **228 €** | Hotel Valle Orotava 4* | 30 |
| **Xixón - Asturias** | 20-25 abril | **232 €** | Hotel Asturias 4* | 30 |
| **Almuñécar - Granada** | 7-13 maio | **238 €** | Hotel Bahía Tropical 4* | 30 |
| **La Manga- Murcia** | 3-9 xuño | **233 €** | Hotel Entremares 4* | 30 |
| **Benidorm 1 - Alicante** | 27 setembro- 3 outubro | **218 €** | Hotel Alone Medsur 3* | 30 |
| **Benidorm 2 - Alicante** | 7-13 outubro | **198 €** | Hotel Alone Medsur 3* | 30 |

**Prazo de solicitude ata o 11 de marzo**

**Para xestionar a túa solicitude podes chamar ao 981 51 96 50**
**ou escribirnos a ocio@fademga.org**

Cofinancia:

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO Y AGENDA 2030
SECRETARÍA DE ESTADO DE DERECHOS SOCIALES Y AGENDA 2030
IMSERSO

Fundación ONCE

Executa:

Plena inclusión

Organiza:

FADEMGA
Plena inclusión Galicia

# ÍNDICE

1. Introdución (Pax. 2)
2. Persoas beneficiarias (Páx .3)
3. Características das estancias (Pax. 3)
4. Cota de Participación (Pax. 4)
5. Características do grupo de viaxe (Páx. 5)
6. Solicitude (Páx. 6)
7. Período de solicitude (Páx. 7)
8. Proceso de selección (Páx. 8)
9. Documentación para viaxar (Páx. 9)
10. Motivos de baixa e cancelación (Páx. 12)
11. Oferta provisional de destinos (Páx. 11)
12. Anexos (Páx. 13)
    - Anexo 1. Protocolo de participación
    - Anexo 2. Baremo
    - Anexo 3. Logos para difusión
    - Anexo 4. Modelo de baixa e renuncia
    - Anexo 5. Ficha descritiva de viaxes

# Información xeral

# 1

O Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión España está aberto a todas as persoas con discapacidade intelectual maiores de 16 anos e cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % sexan ou non persoas socias dunha entidade.

Este Programa ten como obxectivo facilitar a vida independente e lograr a máxima integración persoal e social das persoas con discapacidade, mediante a realización de quendas de vacacións que lles permitan acceder a contornas distintas das habituais, en condicións da maior accesibilidade posible. Trátase de facilitar o acceso das persoas con discapacidade aos bens do ocio, da cultura e da natureza, así como o descanso das familias e/ou persoas coidadoras habituais que teñen ao seu cargo persoas con discapacidade (BOE núm. 138, de 10 de xuño de 2022, pax. 32)

**A convocatoria do Programa de Vacacións IMSERSO ten como prazo de execución do 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024**. As persoas beneficiarias só poderán participar unha vez por convocatoria.

FADEMGA Plena inclusión Galicia, como entidade executante organiza e desenvolve as quendas de vacacións atendendo á normativa establecida polo IMSERSO e por Plena inclusión. A continuación, atoparemos as características das estancias e grupos, a documentación necesaria para participar, así como a oferta de destinos para esta convocatoria. O seu **período de execución será do 1 de abril ao 15 outubro.**

A Federación ofertará diferentes estancias ao longo destes meses. O número de estancias e prazas serán en función da demanda e ata esgotar o orzamento.

As entidades participantes que executen o Programa terán que asinar o **Protocolo de participación** no que se reúnen unha serie de actuacións e disposicións que terán que ser respectadas para o axeitado desenvolvemento das estancias (**Anexo 1**).

# Persoas beneficiarias

# 2

| | |
|---|---|
| **IDADE** | Maiores de 16 anos ( o día de inicio do turno) |
| **DISCAPACIDADE** | Igual ou superior ao 33% acreditada con certificado e en vigor. |
| **PARTICIPACIÓN NUN SÓ TURNO** | As persoas beneficiarias só poderán participar unha vez por Convocatoria. |
| **PROCESO DE SELECCIÓN** | Os criterios de selección e o **baremo** son establecidos polo IMSERSO, Plena inclusión e FADEMGA Plena inclusión Galicia. Podes consultar o baremo no **Anexo 2**. |

# Características das estancias

# 3

| | |
|---|---|
| **DURACIÓN** | Estancias entre 6 e 7 días. |
| **DESTINO** | Nacionais. Non inclúe viaxes ao estranxeiro nin termalismo. |
| **Nº DE PRAZAS** | Grupos de máximo 30 persoas. Incluíndo participantes, persoal de apoio e coordinador/a. |
| **AS ESTANCIAS INCLÚEN** | Aloxamento, transporte (traslados de ida e regreso), manutención (pensión completa) e seguro. |
| **DATAS DE EXECUCIÓN** | Do 1 abril ao 15 de outubro |
| **SEGURO DE VIAXE** | Plena inclusión ten subscrito coa Compañía Mapfre un seguro de accidentes e de responsabilidade civil para todas as persoas participantes. |

# Cota de participación

4

A cota de participación inclúe: aloxamento, manutención en pensión completa, transporte e seguro de viaxe.

| | |
|---|---|
| **COTA DE PARTICIPACIÓN** | Establécese entre o 20% e o 60% do custe real da viaxe. |

Establécese unha cota con prezos aproximados, que será confirmada unha vez establecido o grupo definitivo no proceso de selección. Unha vez aceptada a praza confirmarase a cota de participación definitiva e establecerase un prazo para o pago. Este terá que ser individual e nominativo no seguinte número de conta: ES87 2080 0300 8930 4012 6857 (ABANCA). No concepto figurará: “Nome, apelidos e destino”.

Na seguinte táboa, recóllense os descontos dos que as persoas participantes poden beneficiarse:

| Descontos | Redución de cota |
|---|---|
| **Familia Numerosa** | 20 % - carácter xeral |
| | 50% - carácter especial |
| **Ingresos brutos iguais ou inferiores a 10.176,81 € anuais da súa Unidade Económica de Convivencia** | 80% |

Non poderán aplicarse ambos descontos sobre a mesma cota de participación.

**O persoal de apoio non paga cota de participación**. O IMSERSO subvenciona o 100% da praza.

A cota de participación non inclúe excursións nin outro tipo de actividades de lecer.

# Características do grupo de viaxe 5

O grupo, por norma xeral, estará formado por **30 persoas** (participantes, persoal de apoio e coordinación).

O **persoal de apoio** será aportado polas entidades. Deberá ser maior de idade e posuír a formación ou experiencia adecuada para desenvolver as súas funcións. Non pode ser persoal de apoio o pai, nai ou titor/a de ningún participante.

As funcións do persoal de apoio son:

- Ser responsable de todas as persoas integrantes do grupo, independentemente da entidade que proveñan.
- Velar pola seguridade e saúde das persoas participantes.
- Prestar apoio nas actividades de ocio e na vida diaria das persoas con discapacidade que o precisen.
- Cando algunha persoa participante non acuda a algunha actividade de grupo, xa sexa polas súas características ou porque non quere, algunha persoa de apoio deberá acompañalo.
- Non difundir datos privados das persoas participantes.
- Asistir ás reunións de planificación da viaxe.
- Cumprir cos horarios establecidos.

O equipo de persoas de apoio, contará cunha ratio adecuada ás características das persoas participantes e das súas necesidades de apoio. A ratio recomendada é a seguinte:

- 1/1 ou 1/2 para persoas con necesidades de apoio xeneralizado ou extenso.
- 1/3 ou 1/4 para persoas con necesidades de apoio limitado.
- 1/5 ou 1/6 para persoas con necesidades de apoio intermitente.

Cando a ratio persoa de apoio/participante sexa 1:1 ou 1:2, cumprimentarase un **Informe profesional de ratio** xustificando a súa necesidade. O informe debe estar cumprimentado e asinado por profesionais médicos, psicólogos ou terapeutas.

As viaxes contarán cunha **persoa de coordinación.** Esta ten as seguintes funcións:

- Ser a responsable do grupo e represente da entidade ante o IMSERSO.
- Ser a encargada de coordinar ás persoas participantes e persoal de apoio.
- Viaxar co grupo e permanecer xunto a el toda a quenda.
- Ser a interlocutora co hotel e cas actividades programadas.
- Recompilar toda a documentación necesaria (tarxetas sanitarias, listados de medicación, certificados médicos, fichas persoais ...) para o correcto funcionamento da actividade.
- Informar do desenvolvemento da quenda á persoa responsable do Programa de Vacacións FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- Levar unha copia da póliza do seguro e a relación de participantes, así como tramitar as incidencias co seguro, en caso de que fose preciso.
- Recepción e canalización de queixas e suxestións.
- Recoller e enviar os cuestionarios de satisfacción das persoas participantes e do persoal de apoio.
- Aportar información sobre a preparación, o desenvolvemento e as actividades posteriores á viaxe para a elaboración dun informe sobre a estancia.

# Solicitude

# 6

Como entidade, para a solicitude de participación no Programa, será preciso a entrega da seguinte documentación:

| | |
|---|---|
| **Protocolo de participación** | Este documento recolle as actuacións e disposicións que terán que ser respectadas polas entidades que participen no Programa. **Asinarase e selarase en todas as súas páxinas.** |
| **Copia Soporte de Difusión** | Carta ás familias, carteis, dípticos, publicacións en redes sociais... En calquera documento de difusión ou publicidade ten que constar o seguinte título **"Actuacións de Turismo IMSERSO-Plena inclusión España".** **Anexo 3: Logos para a difusión** |
| **Excel preferencia de destinos-informe datos - baremo** | Deben figurar todas as persoas solicitantes da entidade. Será remitido polo traballador/a social ou no seu defecto pola persoa responsable do Programa. Enviarase en formato excel e a pestana de informe de datos asinado en PDF. |
| **Ficha de solicitude** | **A dobre cara**, preferiblemente en cor e asinada pola persoa que corresponda. **Envío a FADEMGA en orixinal.** No caso de solicitar máis dun destino, cubrirase unha única ficha de solicitude, deixando en branco o espazo de localidade, provincia e data do turno. Nesta autorízase a recollida dos datos de carácter persoal que sexan precisos para o a prescrición na actividade. |

No caso de solicitar desconto por:

| | |
|---|---|
| **Familia Numerosa** | **Copia certificado libro familia numerosa.** Ten que estar en vigor cando a persoa participante estea viaxando. |
| **Ingresos iguais ou inferiores a 10.176,81 € da Unidade Económica de Convivencia (UEC)** | Copia da última **declaración da renda** de cada un dos membros da Unidade Económica de Convivencia. No caso de estar exentos de declarar IRPF, aportarase o correspondente certificado de exención emitido por facenda.<br><br>Copia de Prestacións Sociais (pensións, fillo/a a cargo, prestacións ou subsidios INEM...)<br><br>**Certificado de empadroamento** do solicitante que acredite o seu lugar de residencia. |

# 7

# Período de solicitude

A Federación conta cun único período de recepción de solicitudes. No caso, de non cubrir as prazas ou non esgotar o seu orzamento, poderá abrir outros períodos de solicitude que serán comunicados ao longo da convocatoria.

| | |
|---|---|
| Período de solicitude | **Prazo aberto ata 11 de marzo** |

# 8

# Proceso de selección

Rematado o prazo de solicitude, levarase a cabo o proceso de baremación.

A concesión de praza establécese en función da puntuación obtida no baremo. A puntuación e os criterios de desempate pódense consultar en anexos no **baremo para a adxudicación de prazas** desta convocatoria (Anexos).

Por orde de puntuación formaranse os grupos para cada viaxe incluíndo participantes, persoal de apoio necesario e coordinación.

Cando a persoa solicite máis dun destino e resultase admitida en máis dun, aplicarase a orde de preferencia establecida no proceso de solicitude. Unha vez aceptada a praza para un destino, producirase automaticamente a renuncia no resto.

Unha vez aceptada a praza, abrirase un período de **10 días** para **o ingreso da cota de viaxe**. De non facerse o pago neste prazo, perderase dereito á praza.

# Documentación para viaxar

# 9

Unha vez adxudicada a praza e reservada a estancia, a persoa participante ou a entidade terá que entregar de maneira telemática e en formato PDF a seguinte documentación:

| Participantes | |
|---|---|
| **Documentación** | **Presentación** |
| DNI | Polas 2 caras e en vigor |
| Certificado de discapacidade | Completo (Certificado e Ditame Facultativo) e en vigor. |
| Xustificante cota de viaxe | Nominativo e individual. |
| DNI da persoa que exerce a representación legal ou medida de apoio | **Corresponderase con quen asina a Ficha de Solicitude**.<br><br>Ademais, aportarase o **documento acreditativo** de ditas figuras. **O nome e apelido virá subliñado**. |
| Ficha Autorizacións e aceptación de Praza | Asinada por quen corresponda. Nesta autorízase a recollida dos datos de carácter persoal , a cesión ou non da imaxe , así como a aceptación das condicións da viaxe. |
| Informe médico | Asinado e selado por un doutor/a. As persoas participantes nos campionatos Special Olympics Galicia poden enviarnos unha copia do seu certificado. |
| Ficha persoal | Indicando información relevante para a viaxe. |
| Tarxeta Sanitaria | Separada do DNI. |

| Persoal de apoio | |
|---|---|
| **Documentación** | **Presentación** |
| DNI | Polas 2 caras e en vigor. |
| Tarxeta Sanitaria | Separada do DNI. |
| Ficha de persoal de apoio | Nesta autorízase a recollida dos datos de carácter persoal, a cesión ou non da imaxe, formación... |

| Posterior á quenda | |
|---|---|
| **Documentación** | **Presentación** |
| Memoria de viaxe | Redacción dun escrito que recolla datos sobre a preparación, desenvolvemento e actividades posteriores ás viaxes. Ademais, poderase aportar propostas e suxestións tanto para as viaxes como para o Programa. Terase que enviar nos 5 días posteriores da realización da quenda. |

## Consideracións a ter en conta na presentación da documentación:

- Documentación escaneada, en formato PDF, subirase a unha plataforma habilitada para o Programa (intranet ou similar) ou enviarase dun xeito seguro que impida o acceso a terceiras persoas, na orde solicitada, exceptuando as Fichas de Solicitude que teranse que enviar en orixinal.

- A responsabilidade da veracidade dos datos que se recollen na documentación requirida corresponde a quen os asina. Aqueles documentos que non estean asinados correctamente non se consideran válidos.

- Os datos de carácter persoal das persoas participantes solicitados por FADEMGA Plena inclusión Galicia remitiranse a Plena inclusión, ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Seguro, á axencia de viaxes e a quen sexa preciso para tramitar a demanda correctamente, sempre só con este fin.

- Toda a **documentación** aportada deberase atopar en **vigor**. No caso de estar en proceso de renovación adxuntarase o documento que acredite dita situación.

- Plena inclusión establece uns criterios de xestión e calidade que as Federacións temos que cumprir. Pregamos que a documentación aportada sexa correcta e cumpramos os prazos establecidos. As incidencias cometidas veranse repercutidas na contía económica asignada á Federación na vindeira convocatoria.

# Motivos de baixa e cancelación 10

Poderase renunciar á praza concedida en primeira instancia no prazo marcado durante o proceso, optando ás seguintes opcións elixidas sempre e cando outras persoas que seleccionaran estas preferencias como primeiras non teñan maior puntuación.

A persoa que cause baixa definitiva na praza concedida perderá a opción de viaxar. No caso de que se produza unha baixa e que a praza non poida ser cuberta por outro participante en lista de espera, a persoa beneficiaria asumirá os custes que a axencia nos repercuta, podendo chegar ata o custe real da praza.

Todas as renuncias ou baixas das prazas concedidas remitiranse a FADEMGA Plena inclusión Galicia xustificando o seu motivo a través do Modelo de baixa **(Anexo 4).**

# Oferta provisional de destinos 2024

# 11

| Destino | Datas | Prezo* | Hotel | Transporte | Prazas* |
|---|---|---|---|---|---|
| **Puerto de la Cruz - Tenerife** | 11-16 abril | **228 €** | Hotel Valle Orotava 4* | **Avión** | **30 prazas** |
| **Xixón** | 20-25 abril | **232 €** | Hotel Asturias 4* | **Autocar** | **30 prazas** |
| **Almuñécar - Granada** | 7-13 maio | **238 €** | Hotel Bahía Tropical 4* | **Avión** | **30 prazas** |
| **La Manga del Mar Menor - Murcia** | 3-9 xuño | **233 €** | Hotel Entremares 4* | **Avión** | **30 prazas** |
| **Benidorm 1 Alicante** | 27 setembro – 3 outubro | **218 €** | Hotel Medsur Alone 3* | **Avión** | **30 prazas** |
| **Benidorm 2 Alicante** | 7-13 outubro | **198 €** | Hotel Medsur Alone 3* | **Avión** | **30 prazas** |

*O **custe da praza** pode verse afectado polo número de participantes, persoas de apoio en cada viaxe e os descontos aplicados, así como o incremento nos prezos dos carburantes. Estes axustes serán repercutidos proporcionalmente na cota da persoa beneficiaria.

*As **prazas** poden verse reducidas por axuste de orzamento.

## Consideracións a ter en conta:

- Esta oferta é provisional, podendo reducirse ou ampliarse segundo a demanda e orzamento.
- Todas as viaxes, a excepción de Xixón, son en avión.
- Todas as viaxes contan con **dúas prazas adaptadas**.
- Calquera cambio nos destinos (horarios de voos, hoteis, prezo/praza ...) seravos comunicado por e-mail e actualizarase na páxina web de FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- Plena inclusión, unha vez coñecida que cantidade non vai ser gastada nas diferentes comunidades, procederá ao seu reparto. Polo que pode existir a posibilidade de realizar novas quendas. Neste caso, terán opción de viaxar nestas novas quendas as persoas que estean en lista de espera e de darse o caso, sairá un novo prazo para facer a súa solicitude.
- Podedes atopar a Ficha descritiva das viaxes e dos horarios de voo no **Anexo 5.**

# Anexos:

## Anexo 1. Protocolo de participación - entidades

## Anexo 2. Baremo para adxudicación de prazas

## Anexo 3. Logos para a difusión

## Anexo 4. Modelo de baixa ou renuncia

## Anexo 5. Ficha descritiva das viaxes

# Protocolo de participación 2024

Por las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo

FADEMGA Plena inclusión Galicia

AFAM CENTRO PAI MENI Betanzos
AGAXFRA Santiago
AMICOS DO BARBANZA Ribeira
AMIPA Comarca do Sar
ANPA CEE A BARCIA Santiago
APA PASCUAL VEIGA A Coruña
APADER Cedeira
ASPABER Carballo
ASPADEX Cee
ASPADISOL Oleiros
ASPAS Santiago
ASPROMOR Ortigueira
ASPRONAGA A Coruña
Nra.Sra. de CHAMORRO Ferrol
SPECIAL OLYMPICS GALICIA Santiago
AFADI Lugo
ASDEME Chantada
ASPNAIS Lugo
ASPANANE Viveiro
CAMIÑA Burela
PRODEME Monforte de Lemos
RAIOLAS LUGO Lugo
ADO Ourense
AS BURGAS Ourense
ASFAVAL Vilamartín de Valdeorras
ASPADISI Carballiño
ASPANAS Ourense
AUTISMO OURENSE Ourense
ACEESCA Porriño
ANPA CEE SALADINO CORTIZO Vigo
ANPA MARXIÓN Vilagarcía de Arousa
ASPADEZA Lalín
ASPANAEX Vigo
ASPAVI Vigo
BATA Vilanova de Arousa
CON ELES Vilagarcía de Arousa
ESPERANZA DO VAL MIÑOR (CENTRO JUAN MARÍA) Nigrán
JUAN XXIII Pontevedra
SAN FRANCISCO Vigo
SAN XEROME EMILIANI A Guarda

**D. Eladio Fernández Pérez, Presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia e**

**D./Dna. Presidente/a de**

**ACORDAN QUE**

〈 A **organizadora** e **responsable** das viaxes no Programa de Vacacións Plena inclusión - IMSERSO é **FADEMGA Plena inclusión Galicia.**

〈 O Protocolo de Participación recolle unha serie de actuacións e disposicións que terán que ser respectadas polas entidades que participen no Programa. Este documento é asinado polos representantes legais da entidade organizadora e da entidade participante, onde amosan a súa conformidade cos aspectos que se describen a continuación. Ademais, establécese o compromiso de transmitir o seu contido ás persoas beneficiarias e o persoal de apoio que acoden a cada viaxe.

〈 Para participar nas viaxes do Programa de Vacacións IMSERSO é necesario reunir os requisitos establecidos na **Convocatoria do Programa de Vacacións de FADEMGA Plena inclusión Galicia 2022-24**. O incumprimento dos requisitos, da aportación inadecuada da documentación, o retraso na entrega de documentación e pagos de cotas de participación nos prazos indicados, implicarán a **perda da praza.**

〈 As entidades serán as encargadas de tramitar toda a documentación correspondente á Federación.
As entidades deberán custodiar a documentación en orixinal e presentala en caso de reclamación.

〈 **As persoas beneficiarias só poderán participar unha vez por Convocatoria**. No caso de realizar máis dunha viaxe na mesma Convocatoria **(do 1 de novembro do 2023 ao 31 de outubro do 2024)**, aínda que sexa con distintas entidades, a que executase en segundo lugar, pagará a praza completa dese participante. Polo que neste caso, será a entidade a que se fará cargo do custe total da praza.

AFAM CENTRO PAI MENI
Betanzos
AGAXFRA
Santiago
AMICOS DO BARBANZA
Ribeira
AMIPA
Comarca do Sar
ANPA CEE A BARCIA
Santiago
APA PASCUAL VEIGA
A Coruña
APADER
Cedeira
ASPABER
Carballo
ASPADEX
Cee
ASPADISOL
Oleiros
ASPAS
Santiago
ASPROMOR
Ortigueira
ASPRONAGA
A Coruña
Nra.Sra. de CHAMORRO
Ferrol
SPECIAL OLYMPICS GALICIA
Santiago
AFADI
Lugo
ASDEME
Chantada
ASPNAIS
Lugo
ASPANANE
Viveiro
CAMIÑA
Burela
PRODEME
Monforte de Lemos
RAIOLAS LUGO
Lugo
ADO
Ourense
AS BURGAS
Ourense
ASFAVAL
Vilamartín de Valdeorras
ASPADISI
Carballiño
ASPANAS
Ourense
AUTISMO OURENSE
Ourense
ACEESCA
Porriño
ANPA CEE SALADINO CORTIZO
Vigo
ANPA MARXIÓN
Vilagarcía de Arousa
ASPADEZA
Lalín
ASPANAEX
Vigo
ASPAVI
Vigo
BATA
Vilanova de Arousa
CON ELES
Vilagarcía de Arousa
ESPERANZA DO VAL MIÑOR (CENTRO JUAN MARÍA)
Nigrán
JUAN XXIII
Pontevedra
SAN FRANCISCO
Vigo
SAN XEROME EMILIANI
A Guarda


〈 As funcións da **persoa coordinadora** da viaxe son:

- ✓ Ser a persoa responsable do grupo e representante da entidade ante o IMSERSO.
- ✓ Ser a persoa encargada de coordinar ás persoas participantes e persoal de apoio.
- ✓ Recompilar toda a documentación necesaria (tarxetas sanitarias, listados de medicación, certificados médicos, fichas persoais ...) para o correcto funcionamento da actividade.
- ✓ Viaxar co grupo e permanecer xunto a el toda a quenda.
- ✓ Será a persoa interlocutora co hotel e cas actividades programadas.
- ✓ Mediar en posibles conflitos e tomará decisións no caso de non chegar a acordos, sempre tendo en conta as opinións das persoas participantes.
- ✓ Informar do desenvolvemento da quenda á persoa responsable do Programa de Vacacións FADEMGA Plena inclusión Galicia.
- ✓ Levar copia da póliza do seguro, a relación de participantes e tramitar as incidencias ao seguro, en caso de que fose necesario.
- ✓ Recompilar os cuestionarios de satisfacción das persoas participantes e do persoal de apoio.
- ✓ Aportar información sobre a preparación, o desenvolvemento e actividades posteriores para a elaboración dun informe sobre a estancia.

〈 As funcións do **persoal de apoio** son:

- ✓ Ser responsable de todas as persoas integrantes do grupo, independentemente da entidade que proveñan.
- ✓ Velar pola seguridade e saúde das persoas participantes.
- ✓ Acompañar ás persoas participantes, cando sexa necesario, para que poidan asistir ás actividades. Cando algunha persoa participante non asista a unha actividade de grupo, xa sexa polas súas características ou porque non quere, algunha persoa de apoio deberá acompañalo.
- ✓ Non difundir datos privados das persoas participantes.
- ✓ Asistir ás reunións de planificación da viaxe.
- ✓ Cumprir cos horarios establecidos.

# Protocolo de participación 2024

Por las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo



〈 As entidades aportarán o equipo de persoas de apoio en número adecuado ás características das persoas participantes e das súas necesidades de apoio. A ratio recomendada é a seguinte:

- ✓ 1/1 ou 1/2 para persoas con necesidades de apoio xeneralizado ou extenso.
- ✓ 1/3 ou 1/4 para persoas con necesidades de apoio limitado.
- ✓ 1/5 ou 1/6 para persoas con necesidades de apoio intermitente.

〈 O persoal de apoio que viaxa en cada quenda deberá ser **maior de idade** e posuír a formación adecuada e necesaria para desenvolver as súas funcións. **Non poden ser persoal de apoio o pai, nai ou titor/a** das persoas participantes.

〈 Ante a baixa dunha persoa de apoio durante a viaxe, será a entidade a encargada de substituír a esa persoa na maior brevidade posible e facerse cargo dos custes que ocasione o seu desprazamento.

〈 Os participantes que viaxan constitúen **un único grupo**. Ningunha persoa poderá marchar pola súa conta ou ausentarse das actividades acordadas sen previa comunicación. O grupo pode estar dividido en subgrupos de interese, previamente acordados e organizados.

〈 **Coordinación** e **persoal de apoio** das distintas entidades **traballarán en equipo**, prestando e recibindo axuda para desenvolver adecuadamente as súas funcións e tratar de dar resposta á demanda dos intereses individuais, na medida do posible, de todas as persoas participantes.

〈 Se algunha persoa de apoio ou participante manifestase un comportamento negativo e/ou prexudicial para o grupo terá que abandonar a viaxe. Se fose necesario o seu desprazamento ao seu lugar de orixe, a Entidade á que pertenza farase cargo da totalidade dos gastos que ocasione. No caso do desprazamento dunha persoa de apoio, a Entidade farase cargo de que un novo, chegue ao destino, asumindo todos os custos que se deriven.

〈As viaxes teñen subscrito coa Compañía MAPFRE un seguro de accidentes e de **responsabilidade civil** para todos os participantes da quenda.

〈 As persoas participantes que cometan as accións, omisións ou incumprimento de normas que impliquen un delito incorrerán na **responsabilidade penal** e esta é persoal.

# Protocolo de participación 2024

Por las personas con discapacidad intelectual o del desarrollo

AFAM CENTRO PAI MENI
Betanzos
AGAXFRA
Santiago
AMICOS DO BARBANZA
Ribeira
AMIPA
Comarca do Sar
ANPA CEE A BARCIA
Santiago
APA PASCUAL VEIGA
A Coruña
APADER
Cedeira
ASPABER
Carballo
ASPADEX
Cee
ASPADISOL
Oleiros
ASPAS
Santiago
ASPROMOR
Ortigueira
ASPRONAGA
A Coruña
Nra.Sra. de CHAMORRO
Ferrol
SPECIAL OLYMPICS GALICIA
Santiago
AFADI
Lugo
ASDEME
Chantada
ASPNAIS
Lugo
ASPANANE
Viveiro
CAMIÑA
Burela
PRODEME
Monforte de Lemos
RAIOLAS LUGO
Lugo
ADO
Ourense
AS BURGAS
Ourense
ASFAVAL
Vilamartín de Valdeorras
ASPADISI
Carballiño
ASPANAS
Ourense
AUTISMO OURENSE
Ourense
ACEESCA
Porriño
ANPA CEE SALADINO CORTIZO
Vigo
ANPA MARXIÓN
Vilagarcía de Arousa
ASPADEZA
Lalín
ASPANAEX
Vigo
ASPAVI
Vigo
BATA
Vilanova de Arousa
CON ELES
Vilagarcía de Arousa
ESPERANZA DO VAL MIÑOR (CENTRO JUAN MARÍA)
Nigrán
JUAN XXIII
Pontevedra
SAN FRANCISCO
Vigo
SAN XEROME EMILIANI
A Guarda

〈 No caso de producirse a **baixa** dalgunha persoa participante e esta non poida ser cuberta con outra en lista de espera, deberá asumir os custos que a axencia nos repercuta por dita baixa, podendo chegar ao 100% do **custe real da praza**. Penalizarase a baixa non xustificada comunicada nos 10 días anteriores á realización do turno co 50% do importe da cota de participación independentemente de cubrir a praza. A entidade participante garantirá o abono de dita contía.

〈 FADEMGA Plena inclusión Galicia **non se responsabiliza da reprodución**, sen previa autorización, de calquera imaxe obtida **por persoas alleas á Federación** durante o desenvolvemento das viaxes.

〈 O **obxectivo** deste protocolo é **mellorar o Programa de Vacacións**, tanto na xestión como no desenvolvemento das viaxes. Polo que aceptamos propostas para progresar e renovar o seu funcionamento. O traballo conxunto contribuirá a que as persoas participantes poidan desfrutar plenamente das súas vacacións.

E para que conste aos efectos oportunos asinamos o presente en ___________________________

a ______ de _______________de 2024.

Asinado: Presidente FADEMGA
Eladio Fernández Pérez

Asinado: Presidente/a

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local co nº 2005/147-2 (SC). Membro Numerario da Confederación Española de Organizacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual (Plena inclusión). Inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº E-45. Declarada de Utilidade Pública (O.M. 17-07-2008). Vía Pasteur, 53-A, Polígono Industrial do Tambre. 15890-Santiago de Compostela. Telf: 981519650 Fax: 981519651

## BAREMO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO PROGRAMA DE VACACIÓNS IMSERSO FADEMGA Plena inclusión Galicia 2023/24

O baremo para a adxudicación de prazas no Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión Galicia, dálle prioridade ás persoas en situación de maior discapacidade e nivel de dependencia, de maior necesidade socioeconómica, a pertenza a familia numerosa nas distintas categorías, o non haber asistido a viaxes en anteriores convocatorias, así como a necesidade de descanso familiar das persoas coidadoras habituais. *Artigo 12. Resolución do 29 de xuño de 2023, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

*Consensuouse o peso que ha de ter cada un dos criterios establecidos polo IMSERSO quedando da seguinte maneira:*

- **SITUACIÓN DE MAIOR DISCAPACIDADE – 20% do total de puntos**

**Características persoais.** Puntuarase en función da porcentaxe de discapacidade.

| | |
|---|---|
| Máis do 75% | 10 puntos |
| Entre o 60% e o 75% | 6 puntos |
| Entre o 33% e o 59% | 4 puntos |

- **NECESIDADE SOCIOECONÓMICA – 15% do total de puntos**

Outorgarase prioridade ao que teña **ingresos anuais** máis baixos.

**Recursos Familiares: Ingresos económicos anuais** da Unidade económico de Convivencia (UEC) ou **Recursos persoais,** no caso de solicitante que viva de maneira independente:

| | |
|---|---|
| Ata 10.176,81 € | 9 puntos |
| Máis de 10.176,81 € | 6 puntos |

- **FAMILIA NUMEROSA – 10 % do total de puntos**

| | |
|---|---|
| Familia numerosa especial | 6 puntos |
| Familia numerosa xeral | 4 puntos |

- **NON TER ASISTIDO A ANTERIORES CONVOCATORIAS – 30% do total de puntos**

Darase preferencia ás persoas con discapacidade intelectual que soliciten praza por primeira vez ou non viaxaran recentemente con este Programa.

| | |
|---|---|
| Non ter viaxado nunca | 15 puntos |
| Ter viaxado en 2019 ou antes | 12 puntos |
| Ter viaxado en 2020 (Toledo, Tenerife) | 3 puntos |

- **NECESIDADE DE DESCANSO FAMILIAR – 10% do total de puntos**

Darase preferencia a aquelas PDI que convivan nun núcleo familiar.

| | |
|---|---|
| Convive cun só familiar | 5 puntos |
| Convive con 2 ou máis familiares | 3 puntos |
| Convive coa familia só en vacacións, fin de semana<br>Vive só<br>Vive en residencia/piso tutelado | 2 puntos |

- **OUTROS – 15 % do total de puntos**

**Procedencia.** A través da entidade, segundo o réxime de asistencia.

| | |
|---|---|
| Persoa beneficiara en Servizo atención residencia en entidades | 7 puntos |
| Persoa beneficiaria en servizo atención diúrna en entidades | 4 puntos |
| Persoa beneficiaria de outros Servizos de Apoio en entidades (ocio, deportes, emprego, formación ...) | 3 puntos |
| Persoa non beneficiaria de servizos en entidades | 1 punto |

**No caso de igualdade de puntuación entre as persoas solicitantes, decidirá o criterio do maior número de convocatorias sen ter viaxado, se este criterio coincide, outorgarase a praza á persoa con maior discapacidade e no caso de que persista o empate, elixirase á persoa que máis se adecúe a organización da viaxe.**

Recórdase que de non estar cubertas as casiñas necesarias para a realización de baremación, nese apartado puntuarase cero.

## Logos para o Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión España

**Cofinancian:**

**Organiza:**

**Executa:**

**NOTA:**

**En calquera documento de difusión ou publicidade ten que constar o seguinte título "Actuacións de Turismo IMSERSO-Plena inclusión España".**

**ACTUACIÓN DE VACACIONES PLENA INCLUSIÓN - IMSERSO 2023/2024**
**MODELO DE BAJA O RENUNCIA**

D./Dña. ……………………………………………………………………., con D.N.I. …….………………………,
causa ☐baja ☐renuncia a la plaza concedida en el programa de vacaciones de la Federación FADEMGA Plena inclusión Galicia, para la realización del viaje con destino ……………….…………………………., que se va a celebrar durante los días …………………………………………………...

Y para que conste a los efectos oportunos, firmo el presente en ………………….……………………, a ………. de …………………………. de 2024

Firmado:

D.N.I. ………………………

Relación con el participante: ………………………………

Documentación que se acredita:

☐Baja médica

☐Otros ………………………………….

## Anexo: Ficha de viaxes

| Destinos | Medio de Transporte | Nº días | Datas | Nº Total Prazas | Nº Prazas Adaptadas | Hotel | Cota | + Info | Web Hotel |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **1. Puerto de la Cruz Tenerife** | Avión | 6 | **11-16 abril** | 30 | 2 | **Hotel Valle Orotava 4*** | **228 €** | *Situado no centro de Puerto de la Cruz<br>*10 minutos praia<br>*Restaurante tipo buffet<br>*Piscina exterior | https://www.hotelafvalleorotava.com/ |
| **2. Xixón** | Autocar | 6 | **20-25 abril** | 30 | 2 | **Hotel Asturias 4*** | **232 €** | * Moi céntrico<br>*2 min Praia de San Lorenzo<br>*Restaurante - Menú | https://hotelasturiasgijon.es/ |
| **3. Almuñécar Granada** | Avión | 7 | **7-13 maio** | 30 | 2 | **Hotel Bahía Tropical 4*** | **238 €** | *Spa<br>*Restaurante tipo buffet<br>*5 minutos praia<br>*Piscina exterior<br>*Animación | https://hotelbahiatropical.es/ |
| **4. La Manga Murcia** | Avión | 7 | **3-9 xuño** | 30 | 2 | **Hotel Entremares 4*** | **233 €** | * 2 min praia<br>*Restaurante tipo buffet<br>*Spa<br>*Piscina exterior<br>*Animación | https://www.entremares.es/ |
| **5. Benidorm Alicante** | Avión | 7 | **27 setembro-3 outubro** | 30 | 2 | **Hotel Alone Medsur 3*** | **218 €** | *10 min cala Finestrat<br>*15 min p raia de Poniente<br>*Restaurante tipo buffet<br>*Animación | https://www.amimir.com/es/hoteles/1290-hotel-alone-1 |
| **6. Benidorm Alicante** | Avión | 7 | **7-13 outubro** | 30 | 2 | **Hotel Alone Medsur 3*** | **198 €** | *10 min cala Finestrat<br>*15 min p raia de Poniente<br>*Restaurante tipo buffet<br>*Animación | https://www.amimir.com/es/hoteles/1290-hotel-alone-1 |

## Ficha de viaxes (voos)

| DESTINO | IDA: Santiago – Tenerife Norte | | REGRESO: Tenerife Norte - Santiago | | COMPAÑÍA AÉREA | EQUIPAXE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DATA | HORARIO | DATA | HORARIO | | |
| Puerto de la Cruz (Tenerife) | 11/04/2024 | Santiago: 18:55 h.<br>Tenerife: 20:45 h. | 16/04/2024 | Tenerife: 19:30 h.<br>Santiago: 23:05 h. | VUELING | 23 KG + Bolso de man |

| DESTINO | IDA: Santiago – Málaga | | REGRESO: Málaga—Santiago | | COMPAÑÍA AÉREA | EQUIPAXE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DATA | HORARIO | DATA | HORARIO | | |
| Almuñécar (Granada) | 07/05/2024 | Santiago: 19:20 h.<br>Málaga: 20:55 h. | 13/05/2024 | Málaga: 16:30 h.<br>Santiago: 18:10 h. | VUELING | 23 KG + Bolso de man |

| DESTINO | IDA: Santiago – Alicante | | REGRESO: Alicante—Santiago | | COMPAÑÍA AÉREA | EQUIPAXE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DATA | HORARIO | DATA | HORARIO | | |
| La Manga del Mar Menor (Murcia) | 03/06/2024 | Santiago: 11:35 h.<br>Alicante: 13:10 h. | 09/06/2024 | Alicante: 12:45 h.<br>Santiago: 14:35 h. | VUELING | 23 KG + Bolso de man |

| DESTINO | IDA: Santiago – Alicante | | REGRESO: Alicante—Santiago | | COMPAÑÍA AÉREA | EQUIPAXE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DATA | HORARIO | DATA | HORARIO | | |
| Benidorm 1 (Alicante) | 27/09/2023 | Santiago: 13.15 h.<br>Alicante: 14:50 h. | 6/06/223 | Alicante: 10:40 h.<br>Santiago: 12:30 h. | VUELING | 23 KG + Bolso de man |

| DESTINO | IDA: Santiago – Alicante | | REGRESO: Alicante —Santiago | | COMPAÑÍA AÉREA | EQUIPAXE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | DATA | HORARIO | DATA | HORARIO | | |
| Benidorm 2 (Alicante) | 07/10/2024 | Santiago: 11:35 h.<br>Alicante: 13:10 h. | 13/10/2024 | Alicante: 12:45 h.<br>Santiago: 14:35 h. | VUELING | 23 KG + Bolso de man |

FADEMGA

Plena inclusión Galicia